



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na inauguración da exposición do III Concurso Fotográfico de Cidadanía Inclusiva

Membros da Mesa do Parlamento de Galicia,
Deputadas e deputados,
Membros da Rede Galega contra a Pobreza,
Señoras e señores,

Sexan todos benvidos ao Parlamento de Galicia

Como digo con frecuencia, unha das miñas arelas desde que accedín á Presidencia desta institución reside precisamente en que o Parlamento se manteña permanentemente permeable a canto sucede ao seu carón, sexa cal sexa a faciana da realidade que corresponda ollar en cada momento.

Lamentablemente, atravesamos tempos difíciles, que se manifestan, tamén, en situacións de extrema dureza, ás que o Parlamento de Galicia non quere nin pode permanecer alleo.

Esa é unha das razóns que nos levan, un ano máis, a abrir as portas da Cámara para acoller nestas dependencias a terceira edición do Concurso Fotográfico de Cidadanía Inclusiva, organizado pola Rede Galega contra a Pobreza. Parabéns aos organizadores, aos gañadores e, por suposto, a todos os participantes, pola sensibilidade demostrada.

Como teremos ocasión de comprobar agora con máis detemento, as preto de trinta imaxes que integran esta mostra ofrécennos instantes conmovedores, de extrema dureza, pero non máis duros que as situacións ás que moitas persoas teñen que enfrontarse a cotío nas súas vidas.



Falamos de persoas que en moitas ocasións levaban unha vida normal ata que un tropezo –laboral, familiar, de saúde, de adicción ou de calquera outro tipo– marcou un fatídico punto de inflexión vital que os colocou nunha situación extrema en case todos os sentidos.

A pobreza actual é moito máis inmisericorde que a de antano, por dúas razóns. A primeira, porque convive cunha sociedade farturenta, que bota ao lixo, todos os días, toneladas de comida; e, segundo, porque as desigualdades económicas se incrementan decote e os máis ricos do planeta medran a custa de que medren tamén os excluídos do Estado de benestar. E porque, por causa da globalización, accedemos a esas imaxes en vivo e en directo como menú cotián.

Poderíamos pensar e reflexionar sobre unha terceira faciana da exclusión: a dos que voluntariamente non queren participar na sociedade que os rodea e, *motu proprio*, escollen o camiño da autoexclusión, arredándose primeiro do campo educativo para camiñar máis tarde polos atallos da droga ou en contra do sistema.

O afundimento rexistrado recentemente preto do litoral da illa italiana de Lampedusa volveu poñer de actualidade en toda Europa o drama da inmigración, unha realidade desgarradora e, por desgraza, tamén cotiá nas costas do sur de España, e tamén retratado desde outras das súas arestas nesta mostra.

O drama estaba aí, todos os días, pero tivo que saltar aos medios para que nos lembráramos da súa existencia. E o mesmo sucede cos restantes dramas que moitas veces teñen o seu escenario a escasos metros das nosas casas ou do noso lugar de traballo.

Por iso, nunha sociedade moitas veces adormecida e que reacciona por impulsos mediáticos, iniciativas como esta exposición que hoxe abre as súas portas no Parlamento de



Galicia resultan imprescindibles para lembrarmos que a pobreza e a exclusión social son realidades cotiás e palpables ante as que nin se pode nin se debe mirar cara a outro lado.

Exposicións como esta –insisto– teñen que ser o recordatorio permanente das inxustizas que a nosa sociedade atura con fugaz cotidianidade; de situacións que teñen nome e apelidos e ante as que case sempre reaccionamos con indiferenza.

Os seus protagonistas, como os protagonistas das fotos que temos ao noso carón, son PERSOAS, como calquera de nós, que necesitan da nosa atención, dunha mirada agarimosa, dun trato digno e dunha oportunidade que cada un está obrigado a ofrecer desde as súas posibilidades. Oportunidade que comeza por ofrecer visibilidade, como hoxe estamos a facer.

A todos, moitas grazas.